



### Competencia lectora. TIPOS DE NARRADORES



## Un día de sorte

#### SABER MÁIS

Segundo o seu papel na historia, hai dous tipos de narradores.

O narrador que explica os feitos da historia, pero non participa nela, chámase **narrador externo**.

Se o narrador que explica a historia é ao mesmo tempo un personaxe desta, falamos de **narrador personaxe**.

Era un día de finais do verán do ano 1519. Como cada tarde, os rapaces reuníanse no porto e esperaban a chegada dos barcos cargados de peixe: uns, para recibir os pais e os irmáns que volvían á casa sans e salvos despois dunha longa xornada de traballo; outros, a maioría, para gañar o pan axudando a descargar o peixe, limpando os barcos ou cosendo os numerosos buratos que traían as redes.

Abel chegaba sempre moito antes ca os demais porque lle gustaba contemplar o mar e soñar con viaxes e aventuras que non viviría nunca. O seu destino, como o dos outros mozos da vila, era ser mariñeiro nun daqueles barquiños que volvían ao porto cada tarde, que non vivían máis aventuras ca atoparse de cando en vez cunha tempestade inesperada. Un destino que lle parecía aburridísimo!

Pero aquela tarde levou unha sorpresa ao chegar ao porto. Pola raia do horizonte **enxergábase** un magnífico barco! Abel, emocionado, subiuse a unha pía de barrís e houbo de caer ao chan coa impresión. Detrás daquel primeiro barco viñan outros, non sabía ben cantos, e todos tan espléndidos coma o primeiro!

178

